



FAROS DA MARIÑA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 100 km
Dificultade: baixa
Duración: unha xornada



O faros son lugares que sempre chaman a atención. Espazos aos que sempre gusta achegarse pola súa situación en puntos emblemáticos e de características físicas sobresaíntes desde os que se dominan amplas panorámicas. Magníficos observatorios desde os que contemplar o enfrontamento incansable entre os dous elementos protagonistas (o movemento constante e a forza do mar e a resistencia que lle opoñen as rochas) e a beleza das formas resultantes dese enfrontamento (cantís, furnas,...) Estas razóns son suficientes para xustificar un achegamento a eles e ao seu entorno.

Esta ruta de 100 km, pequenas pateadas aparte, permitenos un achegamento e recoñecemento a unha parte da costa galega de características propias na que os materiais que a conforman e a súa orientación contribuíron á creación de formas únicas, entre as que destaca o espazo das Catedrais, protexido como LIC e declarado Monumento Natural.

A ruta percorre a costa da Mariña de Lugo e pódese comezar desde Ribadeo ou desde O Vicedo. Compre un día completo para gozar da paisaxe, facer pequenas paradas e camiñar un pouco.

COMO CHEGAR:

Saíndo de Ribadeo, collemos a estrada costeira e achegámonos á Illa Pancha. Desde alí podemos seguir a liña de costa por estradas locais, pasando polas Catedrais, ata Barreiros. De alí seguimos a Burela, atravesamos a poboación e vemos o faro fronte ao porto. Volvemos a estrada principal e, pasado Cervo, collemos o desvío a San Cibrao; logo volvemos a estrada principal e pasada a factoría de Alúmina collemos o desvío a Morás, para seguir por estradas costeiras ata a Punta Roncadoira por unha zona de fermosas vistas sobre os cantís e a illa de Ansarón, e despois á punta do Faro (Celeiro).

Volvemos a estrada principal, cruzamos Viveiro e continuamos polo desvío de Suegos para achegarnos á punta Socastro ou Fuciño do Porco. Volvemos de novo á estrada principal e seguimos ata O Vicedo onde atopamos o último faro desta ruta, a carón da praia do Caolín.



1-Faro da Illa Pancha (Ribadeo). Construído entre 1860 e 1983. Ten unha altura de 28 m sobre o nivel do mar e un alcance de 21 millas. Neste punto podemos gozar dunhas fermosas vistas dos cantís e o contraste entre os terreos chans elevados da Rasa de Ribadeo e o mar.



2-Faro da Pedra de Burela (Burela). Cun alcance de 7 millas e 13 m de altura sobre o nivel do mar.



3-Faro da Punta Atalaia (San Cibrao-Cervo). Construído entre 1864 e 1979. Ten unha 41 m sobre o nivel do mar e un alcance de 15 millas. Vistas sobre a enseada de San Cibrao e os Farallóns.



Vista dos cantís cara a oeste desde o Faro da Punta Roncadoira.

4-Faro da Punta Roncadoira (Xove). Construído en 1974. Ten 94 m de altura sobre o nivel do mar e un alcance de 21 millas. Vistas espectaculares sobre unha gran área da costa entre a illa Ansarón, polo leste e Estaca de Bares, polo oeste.



5-Camiño do faro de Punta Socastro (O Vicedo), unha das balizas para a navegación na ría de Viveiro. Coñecida tamén como Punta Fuciño do Porco, situado nunha paraxe espectacular de cantís en lousas con estratos pregados e tumbados onde abundan as furnas e os illotes. Para achegarse ao final hai que facer unha pequena camiñada.



6- Illa Coelleira (O Vicedo). No seu cumo, a 89 m sobre o nivel do mar, atópase un faro construído en 1893, cun alcance de 7 millas. Nesta illa houbo un mosteiro do que non se conservan restos, máis tarse serviu de punto de vixilancia para a casa de baleas e na actualidade pertence ao Estado. cedo), entre as praias de Vidreiros e O Caolín.



7-Faro da Punta do Castro (O Vicedo), entre as praias de Vidreiros e O Caolín.

Os faros son edificacións na costa para facilitar a navegación. Están dotados dun sistema de sinais visuais: pinturas seguindo uns códigos, para facelas visibles polo día, e luces para facelas visibles pola noite. Cada faro emite un sinal diferente formado por un número de destellos e ocultacións que permiten distinguilo de calquera outro da súa proximidade. Algúns, en casos de visibilidade dificultosa, emiten sons. Con carácter xeral chámanse faros a todas as estruturas de sinalización visual que emiten luz, aínda que os especialistas diferencian entre faros e farolas ou balizas. Os faros son edificios de formas variadas e adoitan estar situados en puntos singulares da costa. O alcance da súa luz é moi elevado. As balizas poden situarse en terra ou no mar, sobre boias. O seu alcance é menor que o dos faros e teñen formas e cores normalizados. Adoitan ir situadas en canles ou puntos de perigo en zonas de navegación. Marcan rutas seguras.